


Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esv.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº77/ Ano: 2023 / 2º xornal Mes de novembro / Estado de degustación de centola

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



PROXECTOS CON SUBVENCIÓN DO PARQUE

Este ano o Parque subvencionou un bo número de proxectos. Coido que todos moi interesantes, só queda que os presenten ao público e que o obxectivo de todos eles se consiga. Sería moi triste que por falta de uso, queden ancorados nun andel. Páxs. 1,2



Actuarán os <Hombres G> no restaurante Pirata de Ons no 2024? Pregunta que queda no aire. Páx. 4 *Foto: livenation.es/*

Salgadoiro de Suxestións

O micólogo Juan Castiñeiras, danos unhas ideas para a utilización en micoloxía dos eucaliptos. Páx. 3
Foto cedida por Juan Castiñeiras.



Nas redes de **Álvarito**, magnífico pescador, ao carón de “cen tolas” e “bogha avantes”, tamén colle <Uxas>, cuxa picadura pode mandarte a urxencias. Páx. 4



Seguen chegando boias e cacharros ilegais para o polbo ás praias de Pragueira e Major. Páx. 5



Reunión e Festa dos Patiño de Ons. Páx. 6

Fotos cedidas por Alvarito

Breves

- Axudas económicas á Area de influencia. Páx. 1
- Ons na Memoria: matanza do porco. Páx. 3
- Ons arqueolóxica. Páx. 5
- Presentación do libro “Illa de Tambo na súa historia” Páx 6

CINEMA NÁUFRAGO DAS ILLAS ATLÁNTICAS

Interesante Proxecto ao que animamos a participar. Páx. 7

SOBRE OS PROXECTOS SUBVENCIONADOS POLO PARQUE

AXUDAS ECONÓMICAS PARA A ÁREA DE INFLUENCIA SOCIOECONÓMICA DO PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA (I)

Dende hai uns anos xurdiron estas axudas da Consellería de Medio Ambiente, que nun principio viñan dos orzamentos xerais do Estado e que estas pasadas tamén están financiadas pola UE a través dos fondos asignados á Xunta para financiamento de actuacións no Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.




Dentro desas axudas podemos distinguir as que están dirixidas **a concellos**: *Coido que estas deberían ser para inversións e actuacións na illa que lle corresponde a cada un, realizadas polo concello, teñan ou non competencias; ou algunha actuación especial no municipio, pero que estea ligada ou moi relacionada coa illa que lle pertence.*

Outras están orientadas **a empresas**, dos municipios correspondentes, para actuacións nas illas: *Paréceme ben, sempre que o que realicen o fagan na illas do Parque.*


E despois hai dúas que están enfocadas a **persoas físicas e institucións sen fin de lucro**: *Aquí é onde xurde un pouco a polémica. Neste apartado, tanto uns como outros, é de supoñer que presentarán proxectos que terán como obxectivo a mellora, estudo, investigación,..., recuperación, mantemento,..., promoción e protección sobre as illas do Parque. Cando o Parque subvenciona eses proxectos é porque van ser adecuados e aproveitables para as illas e redundará no seu beneficio, por iso, xa que vai entregar uns cartos para contribuír a un Parque máis sostible, interesárame que os proxectos a subvencionar sexan interesantes, importantes,..., e ambiciosos; por iso xurde a dúbida: Só reúnen esas condicións as persoas e institucións dos municipios aos que pertencen as Illas? É dicir: Unha persoa ou agrupación de Pontevedra, a Estrada, Cambados,..., ou de calquera municipio de Galicia, non pode presentar un proxecto para o Parque que, polas súas características, sexa moi significativo? Por que non poden optar a el?*

Teño claro que os xerentes do Parque, coñecen este erro que ten a convocatoria, pero non fan nada para solucionalo, o que pode demostrar a falla de competencia e, o que consideraría máis grave, o desinterese pola mellora do Parque.

Coido que debería ser aberta a convocatoria nestes dous apartados, podendo en todo caso, se dous proxectos acadan a mesma puntuación pola súa importancia e só pode saír un adiante, se un deles é dun municipio da área de influencia, segundo eles lle chaman, teña un punto a maiores.



O XOGO DO CORMORÁN



UN PROXECTO MALGRADO

O Xogo do Cormorán, era unha mestura entre o da Oca e o Trivial. Para avanzar no xogo, tiñan que contestar unhas preguntas e para iso necesitaban ler e informarse antes nun caderno explicativo que levaba o Xogo sobre aspectos histórico-etnográfico-sociais-naturais sobre Ons.

Constaba de: 30 follas explicativas sobre as peculiaridades indicadas da Illa. Cada folla leva fotos para unha mellor comprensión do lido. 11 follas enmarcadas e outras 11 a modo de tarxeta onde irán as normas do xogo e as preguntas que tiñan que contestar cada vez que caían nunha cuadrícula. 4 follas coas respostas. Folla A3 coas cuadrículas coa súa correspondente foto.


O caderno ou páxinas explicativas consistían nunha "Viaxe pola Illa" partindo do peirao e visitando todos os lugares con características históricas, etnográficas,...

O seu obxectivo era: fomentar, mediante o xogo, a lectura e a investigación sobre as diferentes peculiaridades aunienses e promover e difundir estas características entre os nenos e mozos dos Campamentos e Campos de Traxecto da Illa e, posteriormente, ás comunidades educativas, asociación xuvenil, organismos,...

O Parque Nacional Illas Atlánticas, por medio das subvencións Next Generation, vén de recibir un Xogo de mesa co nome de “*Illas Marabillas*”. Ten catro versións segundo a Illa coa que se xogue e busca, dende un punto de vista educativo, un maior coñecemento das illas que compoñen o Parque.

Considero moi interesante a idea, agora só falta que verdadeiramente se lle saque o proveito polo que supoño foi ideado, que é chegar ao maior número de persoas para que o seu obxectivo se cumpra.

Dígoo porque xa no 2008 a asociación cultural PineirÓns, vinculada á Illa de Ons, ideou tamén un xogo: “*O Xogo do Cormorán*” e presentouno a dous organismos que tiñan vinculación con Ons por medio dos Campamentos e Campos de Traballo: Xuventude e Deputación de Pontevedra.



Mapa das Illas Ons do xogo Illas das Marabillas

Ao pouco de montarse os campamentos e campos de traballo en Ons, Cultura contratou a Estanislao F. de la Cigoña e ao Grupo Erva para dar charlas de tipo natural aos seus compoñentes. Naquelas datas, anos 80 s.XX, o grupo de acción “A Pineira” recompilaba datos sobre este arquipélago e, entre os seus integrantes había algún administrador, director de Campo, encargados de actividades, monitores e ata algún de mantemento deses campamentos.

Coñecedores de que había persoas que pertencían a eses grupos: “Pineira” e “Amigos da Illa de Ons”, motivou que pediran a algún socio destes grupos, que tamén participara con algunha charla de carácter social, histórico, etnográfico,...., nos campamentos para que os rapaces coñeceran un pouco do lugar onde ían a pasar 15 días de estancia.

E así foi, un membro deses grupos, deu charlas nas diferentes quendas sobre aspectos socio-histórico-etnográfico aos compoñentes do campamento e campo con moi bos resultados de interese.

Xogo do Cormorán de Ons

CUADRÍCULA 7

Pasaches un bo rato en Canexol e proseguiches a túa andaina. Despois de observar con calma as enormes charcas que deixa ao descuberto a marea baixa en Canexol e de baixar a mirar a engaiolante vida mariña que habita nelas, pasaches polas fermosas casas de arquitectura mariñeira de Pereiró ata chegar ao Campamento xuvenil da Xunta.



Se respondes, poderás subir a costa dun tirón e pasar á cuadrícula 10 para gozar da praia de Fedorentos. Se fallas terás que agardar unha quenda sen tirar.

Preguntas:

- Antes de chegar ao Campamento, miraches faenar a barcos illáns preto da costa. A que andan estes barcos?
- Os mariñeiros que andan á seca, que poden capturar?
- Que pretenden que coñezan os rapaces con estes campamentos?

CUADRÍCULA 8

Decidiches facer unha parada no Campamento para ver o que fan os rapaces e como son dirixidos polos seus monitores.

Se contestas pasarás á cuadrícula 10. Se fallas pasarás á 6.

Preguntas:

- Para que os rapaces fagan deporte, con que campos conta o campamento?
- Entre que idades poden participar no Campamento?
- Que cota tiñan que pagar os rapaces no ano 2007 ?



CUADRÍCULA 9

Despois da parada no campamento e subida a empinada costa, colliches un pequeno sendeiro que, seguindo coa vista cara ao mar, nos levará a un miradoiro dende onde terás unhas magníficas vistas.



Preguntas:

- Que ría observaremos dende o miradoiro?
- Que nome ten este miradoiro?
- Que illa teremos fronte a nós que pertence ao arquipélago das Ons?

Nun principio facíano de xeito altruísta e posteriormente cobrando unha cantidade que, como os naturalistas, tiña adxudicada Cultura para esas actividades. Esa cantidade cobrada quedaba para outras actividades deses grupos e traía en compensación, unha mellor preparación das charlas (segundo fose para nenos ou maiores), utilización de diapositivas e con excursións pola illa para captar mellor o exposto nas charlas.

Por diferentes motivos, deixouse de facer, pero esas agrupacións, xa unidas nunha Asociación Cultural de nome **PineirÓns**, quixeron que esa actividade non se perdera e propuxeron daquela, a Familia e Xuventude, preparar uns Diaporamas para que os diferentes monitores, cunha guía explicativa que contiña, foran os encargados de dar esas charlas, aínda que fose poñendo a diapositiva e lendo o tratado sobre ela no caderno guía.

Propuxéronllo á que era por aquela Directora Xeral de Xuventude, M^a José Bravo Bosch, que veu a idea como positiva para os rapaces e apoiou a súa realización. Elaborado o traballo e presentado, pedíuselle que o puxera nas mans dos funcionarios encargados de levar e contratar aos administradores e monitores para que, con tempo, puideran mirar o traballo e preparar con antelación as charlas. O proxecto debe de estar durmindo un sono letárxico nalgún estante.

Anos máis tarde, propuxeron un Xogo Didáctico: “Xogo do Cormorán” que tamén tivo unha boa acollida en Xuventude e Deputación (para os rapaces que asistían aos campamentos da Lanzada e que visitaban asiduamente Ons) para usalo durante a estancia ou antes da visita. Ao igual que o diaporama, estará durmindo outro sono letárxico de inutilidade.

Así son as cousas na administración. *Pasará o mesmo co Xogo de Illa Marabilla?*

SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

Con respecto ao tema das excursións Micolóxicas a Ons, e tamén, se pode incluír, na que respecta á corta masiva de eucaliptos e a súa posible utilización, un lector envía esta interesante nota:

“Nunha experiencia feita en Poio sobre toradas de 15-20 cm. de diámetro de eucaliptus globulus.

Foron inoculadas con furados de trade eléctrica con broca de madeira de 12 no outono do 2021. Encasteladas durante dous anos, tapadas cunha manta téxtil e enterradas a 15cm. en posición vertical. Agora comezan a producir nesta madeira, o que permite pensar na utilidade para a produción intensiva do Shiitake na nosa comunidade pola facilidade de obtención de este substrato.

Hai experiencias en Galicia que están usando este fungo para descañotar plantacións de eucalipto de forma ecolóxica e rendible.

O fungo extraído e de boa calidade e de características organolépticas excelentes.

A vindeira experiencia vou facela coa madeira de eucalipto moída, a ver que sae.

Un saúde e imos falando para ese xabaril con fabóns e boletus”.

Interesante proxecto que podería ser unha alternativa a moitas outras ideas, sobre todo con respecto ao eucalipto pois, as cortas que se levaron a cabo, non tiveron un proxecto posterior para saber que facer con toda esa madeira que agora atópase amoreada en diferentes lugares sen futuro algún.

Persoas como esta, especialista en micoloxía e micogastronomía, poderían ser un máis dos adecuados para unha visita micolóxica a Ons, co fin de coñecer ese mundo nesta illa, e aprender todo respecto á súa morfoloxía e a valorar o tema micolóxico con respecto ao uso de máquinas de limpeza da matogueira en diferentes zonas da illa.

Seguirei pedindo un Técnico Cultural que dinamice todas esas actividades, sexa quen de contactar cos responsables das diferentes características aunienses e, como principal, sexa dialogante e con ganas de facer cousas positivas.



- Frutificacións en toradas de eucaliptos. - Técnica de miceliación ou maduración produtiva.



ONS NA MEMORIA

Estamos no mes de San Martiño, período no que en toda Galicia celebrábase a matanza do porco.

Na Illa de Ons non ía a ser menos e a Matanza era unha das festas máis agardadas, onde participaban todos os veciños que, indo casa por casa, axudaban en todo o proceso.

Había unha grande expectación por ver quen criara o porco máis grande e, non faltaban, o viño e as comedelas a base de raxo e fígado.

Aquí vemos unha das últimas matanzas, alá por mediados dos 80 s.XX. O porco pertencía a Casa Checho e como matachín estaba Emilio (O Pitiso).



O noso amigo e colaborador **Alvarito**, amarrrou, por uns intreos, a súa dedicación ao percebe, para meterse de cheo á centola. Pero a pesca da centola ten as súas sorpresas e aquí vemos, na foto da esquerda, como entraron nas súas redes este tipo de raia, algo perigosa polo aguillón que ten na súa cola. Di que lle chaman <Uxa>, na zona de O Grove seica que é <Ferreiro>, que veñen pola quntura das augas e que comen o marisco e, aínda por riba, non teñen valor comercial. O certo é que a un dos seus mariñeiros picoulle unha e pasou un bo tempo cunha man inchada e con algo de derrame.

Pero non ía a ser todo malo, fixeron con facilidade a cota de centola que teñen estipulada e apareceron algúns “Bogha Avante” como o da foto da dereita, que pesando arredor dos 4 Kg, fixo rendible a xornada.



<HOMBRES G> Actuación en Ons


Hai xa un tempo que o grupo musical “**Hombres G**” viñan buscando un novo “cantante”, con boa fasquía, boa presenza, con atractivo, boa voz,..., e cun importante número de fans,..., e onde o foron atopar, na engaiolante Illa de Ons. Siiii, nada menos que **“MANOLITO”**, e aí o tendes, o grupo musical, aproveitando a súa xira por terras galegas, contactaron con el e non houbo fallo, só que, Manolito, lles dixo: “... de cantante nada! Deses hai moitos, eu son CANTOR, que carallo!!!”

Seica, que entre as cláusulas para o seu contrato, está unha actuación en Ons, no **Pirata**.

Segundo parece, o verán pasado non permitiron a actuación dun grande músico, Raúl, como viña sendo habitual nos últimos anos, para o peche de tempada no **Pirata**. Raúl é un profesor, profesional, de música (Ter en conta que a Música é Arte e Cultura) e que as súas cancións, dos anos 70 – 80 s.XX, son moi relaxantes, con baixo volume,..., e perfectamente, e máis nun local pechado, adaptables a un entorno natural. Pero, para a administración, seica esa música era demasiado suave para ese entorno, onde a fauna está acostumada ao “**ROK Duro**” que imprimen as máquinas *desbrozadoras*, os tractores con cadeas,..., que nos meses de xullo a setembro, utilizan para, disque, limpar a Illa, por iso, aproveitando a súa incorporación a este fantástico grupo musical, Manolito, conseguiu que actúen en Ons, pois a súa música está entre o suave de Raúl e o Rok Duro das rozadoiras (*desbrozadoras*). O que non sabemos e se vai ser pola apertura da nova tempada 2024 ou polo seu peche en setembro, ou quizais, que todo é posible, que non se celebre, pois a falta de **DIÁLOGO**, na administración, é un costume dos máis graves que ten este goberno galego.



Fotos: Manolito con algún dos integrantes de <Hombres G> e de cañas cos seus fans.



Podemos falar dun desastre ecolóxico?

Eu coido que si, continuamente as praias do litoral galego están cheas de lixo, sobre todo microplásticos, procedentes da descomposición de plásticos máis grandes.

Xa o tratei no Onstopus anterior, nº 76: <http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/76/onstopus-76.pdf>

cando falaba do mal protocolo que levan a concesionaria das boias das praias e o concello de Sanxenxo, que provoca que, un ano si e outro tamén, as boias cos temporais aparezan nas praias, neste caso concreto, nas de Pragueira e Major.

Agora hai que engadir os cacharros, ILEGAIS, para o polbo, que cada vez que hai un pouco de marusía, aparecen a centenas nas praias e rochas máis oceánicas das Rías Baixas.

Non hai control por parte da Consellería de Pesca e, pola súa proximidade ás illas do Parque Nacional, tamén lles pedimos que protesten sobre este asunto que afecta á súa Área de Influencia, ao que contestan, como é costume, botando balóns fóra: *Din que veñen en singradura dende a costa portuguesa.*

Hai unhas semanas vimos como nas praias da Lanzada aparecían a montóns destes cacharros e como a xente, cun comportamento exemplar cívico-ecolóxico, dedicouse a quitalos e amontoalos preto do paseo para que os recolleran.

Tamén o miramos a diario nas praias de Pragueira e Major, pero o servizo de limpeza municipal, non aparece asiduamente para retiralos, o que provoca lixoplástico e desánimo e impotencia nas persoas que, coa súa boa fe ecolóxica, se dedican a recollelas.

Este ano, ao contrario dos anteriores, o concello de Sanxenxo parece que se esquece da limpeza das súas praias, coido que unha visita mensual das máquinas non estaría de máis.



Círculo: Bandeira de Sendeiro Azul na praia de Pragueira.

Cadrado: Lixo que vaise acumulando.



ONS ARQUEOLÓXICA

Parece que estas primeiras acometidas dos temporais deste ano, aínda que chegaron ao pé do cantil da praia de Canexol onde están as cubas de salga romana, non afectaron a este, pero, ocorrera sempre así? Coido que os arqueólogos encargados deste xacemento deberían facer un informe detallado e científico de como se atopa este cantil, para que Parques busque medidas, do contrario, calquera día atoparémolo derruído.



A FESTA DOS <PATIÑO> DE ONS

A emigración forzosa dos veciños de Ons cara ao continente, está a provocar un cambio nos comúns apelidos aunienses. Os Otero, Blanco, Reiriz, Sampedro, Acuña, Comesaña, Goberna,..., Patiño, vanse perdendo ao non haber xa matrimonios entre veciños.

Pero, os **Patiño**, tiveron unha boa idea, como foi, xuntarse para celebrar dito apelido, e así sucedeu no Restaurante <As Vegas>, non dos EE.UU, senón de Cangas. Alí se deron cita, con comedela e baile, aínda que os **Patiños**: Non estaban todos os que son, nin son todos os que están. Pero pasárono de marabilla.

Fotos: Nas fotos de Alvarito, podemos ver como a festa estaba armada.



O libro “*A Illa de Tambo, na súa historia*” foi presentado neste mes de novembro en Pontevedra na Casa das Campás e en Vigo no Castelo Real. As dúas tiveron un importante seguimento. Lino J. Pazos e Claudio Quintillán presentaron o seu libro e deron a coñecer os aspectos máis interesantes tanto naturais como históricos e arqueolóxicos da Illa de Tambo.

Na foto, cedida por Lino Pazos, podemos ver á esquerda ao presentador Xaime Toxo, no Centro a Claudio e á dereita a Lino. Na casa das Campás.



Aínda, como xa explicaba na páx. 1, que non estou de acordo con varios puntos da convocatoria, si teño que dicir que estas axudas son moi importantes para que persoas, asociacións,...., empresas poidan presentar proxectos que vaian en beneficio do Parque Nacional.

A Dirección Xeral de Patrimonio Natural, que é quen as convoca, a carón dos proxectos que se presentan de xeito particular, tamén debería, por medio dos profesionais que traballan na xestión e desenvolvemento do Parque, ver que proxectos serían importantes traballar e solicitar ás persoas, asociacións, empresas..., adecuadas, a súa realización, facilitándolles axuda económica por medio destas convocatorias.

A priori, todos os proxectos que se solicitaron nas dúas convocatorias deste ano 2023, son interesantes e esperamos que sexan presentados de xeito oficial ao público e que, polo menos unha copia, quede gardada no Centro de Interpretación oficial do Parque e, a ser posible, outra copia nos diferentes Centros de Visitantes de cada illa traballada, para consulta de todo aquel que queira visualizalos por calquera motivo, ademais de servir, algúns deles, para actividades no propio Centro.

Penso que o Parque debería ter unha **Biblioteca** ampla dedicada a recompilar e gardar todo tipo de libros, documentos, películas, vídeos,...., hemeroteca, sobre as illas que o conforman. Esa biblioteca debe ter un **bo/oa dinamizador/ra** que sexa quen de poñelo en valor e, sobre todo, a disposición de todo aquel que queira traballar, investigar,...., sobre calquera aspecto do Parque. Na páxina web do Parque debería haber un enlace onde poder visualizar todo o que posúa esa biblioteca para información xeral.



Fotos, de arriba a abaixo, Cíes, Sálvora, Ons e Cortegada.

PROXECTO <CINEMANAUFRAGO>

Como dicía, todos os proxectos presentados son interesantes, pero considero moi importante, polo seu interese e dificultade, o presentado por Pablo Gómez Sala co título de actuación de: **“O cine doméstico na illas atlánticas: patrimonio en risco de extinción”**. Así o definen:

“Cinema Náufrago es un proyecto para preservar el patrimonio que representan las películas familiares registradas entre los años 50 y 80 del pasado siglo, vinculadas a las Islas Atlánticas, filmadas por la población local, y que se encuentran olvidadas, con riesgo de desaparecer, en los cajones y en los trasteros de tantas casas. El primer paso que estamos dando es entrar en contacto con asociaciones, colectivos, familias y personas particulares, preguntando, tirando del hilo, con la esperanza de encontrar colecciones olvidadas donde aparezcan las Islas Atlánticas, pues hay muchas personas que atesoran esos rollos de películas Super8 y 8mm, y que, además, quieren recuperarlos como patrimonio familiar. Las personas/familias que colaboren en el proyecto, podrán recibir la digitalización de sus pelis en Súper8, escaneadas a resolución 6K, sin coste económico. A cambio, deben ceder los derechos de exhibición de las imágenes al Parque Nacional de las Islas Atlánticas para que sirvan como documentación para otros trabajos creativos, ya sean de investigación académica o de creación artística. Es importante decir que los propietarios que cedan las pelis seguirán teniendo, siempre y para siempre, los derechos de propiedad sobre las imágenes. El Parque Nacional de Islas Atlánticas podrá mostrar las películas a personas interesadas, y en caso de que alguien quiera incluirlas en algún contenido cultural nuevo, el Parque tendrá la obligación de poner en contacto los interesados con los propietarios para que entre ellos negocien. Parques sólo podrá exhibirlas, nunca comerciar con ellas ni usarlas más allá de la exhibición.

Penso que é un Proxecto moi bo e que pode recuperar a historia e etnografía das illas atlánticas. Animamos a todo aquel que teña material audiovisual deste tipo, ou outro que crean pode ser interesante, que se poñan en contacto con estas persoas que coido van realizar un traballo profesional e técnico moi importante para que a Cultura das Illas Atlánticas non desapareza. Aquí os contactos: cinemanaufrago@gmail.com , pablogomez sala@gmail.com , sarablasbolonio@gmail.com , www.cinemanaufrago.gal .

Telef: 604 023 276 / 627 79 83 29

Animarvos a participar ou, polo menos se tendes material, a contactar con eles.